

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2007.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **ONCE HORAS** do día **VINTEOITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia da señora tenente de Alcalde **D^a OFELIA REY RECIMIL** e os concelleiros **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **D^a MARÍA DOLORES GARCÍA TROITIÑO** da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO** e da Interventora Municipal **DONA ANA M^a LOUREIRO SILVA**.

Non asiste: **D^o MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- SUBVENCIONS.-

5º.- URBANISMO.-

6º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

Non hai asuntos que tratar.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito da Secretaría Xeral da Igualdade - Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Rexistro de Entrada nº 7957, de data 20 de decembro de 2007, comunicando que o anteproxecto presentado por este Concello para a creación dunha escola infantil 0-3 en Bandeira, remitiuse o día 11 de decembro de 2007 á Subdirección Xeral de Proxectos e Obras da mencionada Vicepresidencia que que informen sobre a viabilidade do mesmo.

A Xunta de Goberno Local acorda quedar enterada deste escrito.

2.2.- Escritos de D^a Clotilde Ferradás Filloy e D^o Emilio Nemesio Pereira Fernández, Rexistros de Entrada nº 8048, 8049 e 8050, de data 27 de decembro de 2007, comunicando que son titulares dos predios nº 113, 113-2 e 114, afectados polas obras de Acondicionamento da Estrada PO-201, no treito Silleda-Laro PO/98/07.01, todos eles situados no lugar de Cardigonde, parroquia de Cortegada (Silleda), solicitando a canalización e retirada da auga acumulada nos mesmos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado destes escritos ó Servizo de Estradas - Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e comunicar este acordo ós solicitantes.

2.3.- Escrito de D^o José Antonio Martínez Fernández, en representación de Diseño Industrial del Noroeste S.L. (DINOR), Rexistro de Entrada nº 7951, de data 20 de decembro de 2007, solicitando se proceda o pintado dunha liña amarela diante da entrada de carruaxes do nº 21 da rúa República Arxentina (Silleda), así como a colocación dunha sinal de carga e descarga.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito a Policía Local para que emitan informe sobre o solicitado así como para determinar a zona mais axeitada para fixar unha zona de carga e descarga.

2.4.- Escrito de D^o Manuel Rodríguez Muras, Rexistro de Entrada nº 7922, de data 19 de decembro de 2007, no que expón que con motivo do estudio “Mellora da Estrada de Acceso Silleda-Laro” solicita a construción dun paso subterráneo no cruce da pista de Costoia para acceso de persoas e gando vacún.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Delegación Provincial da Consellería Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, por ser competencia desta, así como comunicar este acordo ó solicitante.

2.5.- Escrito de D^o Manuel Rodríguez Muras, Rexistro de Entrada nº 7923, de data 19 de decembro de 2007, no que expón que con motivo do estudio de Mellora da Estrada de Acceso Silleda-Laro, solicita un paso de tubos de hormigón de 40 de diámetro, no sitio entre e Casa da Gouxá e a casa de Venancio, enfrente á fábrica Disiclín e o camiño que vai o lugar de Costoia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, por ser competencia desta, así como comunicar este acordo ó solicitante.

2.6.- Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 8038, de data 26 de decembro de 2007, presentando para súa dilixencia o Libro de Inspeccións da EDAR de Rosende.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.7.- Escrito de D^o Jesús Fernández González, en representación de Construcciones Suso Chaira S.L., Rexistro de Entrada n^o 8000, de data 21 de decembro de 2007, solicitando devolución de aval, polo importe de 2.400 €€, correspondente á obra “1ª Fase do Proxecto Básico de Reforma e Ampliación da Casa da Cultura de Bandeira”, por on resultar contratista adxudicatario da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado.

2.8.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada n^o 7635, de data 03 de decembro de 2007, expediente DH.B36.13109 a nome de D^o José Manuel García Míguez, remitindo resolución de data 31 de outubro de 2007 pola que se concede o dereito ó uso privativo dun pozo situado na parcela 502, polígono 50, referencia catastral 36052A050005020000KA, no lugar de Campomarzo, parroquia de Abades (Silleda), cun caudal medio equivalente de 0,01 litro/segundo, con destino a uso doméstico e rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.9.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada n^o 7643, de data 03 de decembro de 2007, en relación ó expediente MA961A 2007/000857-4, de denuncia do Seprona de Lalín contra D^o Francisco Javier Salgueiro Nercellas por non xustificar posuir licenza municipal da actividade ubicada no lugar de Castro, n^o 2, parroquia de Breixa (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito á Oficina Técnica Municipal para que se proceda á comprobación de si esta actividade ten licenza municipal, en no caso contrario se emita informe técnico para determinar si son legalizables.

2.10.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada n^o 7944, de data 20 de decembro de 2007, en relación ó expediente MA961A 2007/000880-4, de denuncia do Seprona de Lalín contra D^o Manuel Luis Sueiro Barral por non xustificar posuir licenza municipal da actividade ubicada no lugar de Andamollo, n^o 10, parroquia de Manduas (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito á Oficina Técnica Municipal para que se proceda á comprobación de si esta actividade ten licenza municipal, en no caso contrario se emita informe técnico para determinar si son legalizables.

2.11.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada n^o 7943, de data 20 de decembro de 2007, en relación ó expediente MA961A 2007/000881-4, de denuncia do Seprona de Lalín contra D^o Manuel Luis Sueiro Barral por non xustificar posuir licenza municipal da actividade ubicada no lugar de Andamollo, n^o 25, parroquia de Manduas (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito á Oficina Técnica Municipal para que se proceda á comprobación de si esta actividade ten licenza

municipal, en no caso contrario se emita informe técnico para determinar si son legalizables.

2.12.- Escrito do Servizo de Relacións Laborais - Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Rexistro de Entrada nº 7939, de data 20 de decembro de 2007, dando traslado a acta de escrutinio das eleccións sindicais nº 1907/07 realizadas neste Concello o día 12 de decembro de 2007

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.13.- Escrito de Dº José Rey Sánchez, Rexistro de Entrada nº 7971, de data 21 de decembro de 2007, solicitando prazos para o establecemento e adecuada prestación dos servizos públicos mínimos ás casas do núcleo rural de Costela-Moalde, como abastecemento domiciliario de auga potable, conexión a rede de saneamento e pavimentación de rúas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar ó solicitante que este goberno municipal está aberto a dotar de saneamento a todos os núcleos, non sendo posible determinar os prazos para elo, dado que iso dependerá dos prazos que fixen as Administracións que otorguen as subvencións para tales obra.

2.14.- Escrito do Presidente de Turismo Rías Baixas, Rexistro de Entrada nº 7974, de data 21 de decembro de 2007, comunicando que a Deputación Provincial de Pontevedra estará presente na vindeira edición da feira Internacional de Turismo de Madrid (Fitur 2008), polo que os concellos interesados poderán organizar actos promocionais no mencionado stand.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.15.- Escrito da Dirección Xeral do Ministerio de Economía e Facenda, Rexistro de Entrada nº 7975, de data 21 de decembro de 2007, comunicando que polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro (BOE do 3 de novembro de 2007) entrou en vigor o Regulamento de Desenrolo da Lei 18/2001, Xeral de Estabilidade Presupostaria, en súa aplicación ás Entidades Locais quem entre outras novidades, dota de carácter xurídico o Inventario de Entes do Sector Público Local e concede un novo prazo para a actualización da Central de Información de Riscos (CIR-Local).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste a Dº Alfredo Abeledo Penas.

2.16.- Escritos de Dº Ubaldo Ansedes Fernández, Rexistros de Entrada nº 7825 e 7826, ambos de data 13 de decembro de 2007, solicitando por un lado a transmisión da Licencia Municipal de Automóviles de Servicio Público (Taxi) clase B, nº 1, a favor do conductor asalariado Dº Alejandro Rodríguez Serrada, e por outro o cambio de vehículo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar o peticionario para que, no prazo de dez días, a contar do seguinte o desta notificación, presente a documentación do vehículo para o cal se solicita o cambio, así como a documentación do conductor asalariado (contrato, DNI, etc.)

2.17.- Escrito da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), Rexistro de Entrada nº 7948, de data 20 de decembro de 2007, comunicando o acordo de prórroga do modelo actual ata o 31 de marzo de 2008, nos mesmos termos contidos no Convenio asinado en xuño de 2007 entre a FEGAMP e a Xunta de Galicia, en relación aos traballadores estables do GRUMIR.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- “Saneamiento urbanización calle Santa Eulalia ” do POL/2006, obra nº 613.

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº una e final, de data 26 de decembro de 2.007, polo importe de 60.000,00 □□□, correspondente a obra “Saneamiento urbanización calle Santa Eulalia” do POL/2006, executada por Construcciones Fernández Sarmiento S.A, carecendo de informe de intervención por non ter coñecemento da certificación ata a data de celebración da presente sesión.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº una e final da obra “Saneamiento urbanización calle Santa Eulalia” do POL/2006, por importe de 60.000,00 □□□, asinada polo Arquitecto Técnico- Director das Obras, Dº. Luis LLorente Taboada.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
261207	P3/12	Construcciones Fernández Sarmiento SA	60.000,00 □□□

3.2.- “1ª fase de reforma e ampliación da casa de cultura de Bandeira ”.

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº una e única, de data 28 de decembro de 2.007, polo importe de 120.000,00 □□□, correspondente a obra “Primera fase de reforma e ampliación da casa de cultura de Bandeira”, executada por Constructora y Promotora Nova Vista S.L., carecendo de informe de intervención por non ter coñecemento da certificación ata a data de celebración da presente sesión.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

Aprobar a mencionada certificación nº una e única da obra “Primera fase de reforma e ampliación da casa de cultura de Bandeira”, por importe de 120.000,00 □□□, asinada polo arquitecto D. José Luis Rodríguez González e polo Arquitecto Técnico D. José Antonio

Presas Ferreiro, como técnicos directores da obra.

3.3.- “Saneamento rúa Xeral de Bandeira 3ª Fase (Silleda)” do PAM 06-08.

Dase conta pola Sra. Presidenta da certificación nº Un, de data 28 de novembro de 2.007, polo importe de 39.196,50 €, correspondente a obra “Saneamento rúa Xeral de Bandeira 3ª Fase (Silleda)” do PAM 06-08, executada por Fernando Pena Caramés, carecendo de informe de intervención por non ter coñecemento da certificación ata a data de celebración da presente sesión.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Un da obra “Saneamento rúa Xeral de Bandeira 3ª Fase (Silleda)” do PAM 06-08, por importe de 39.196,50 €, asinada polo Arquitecto Técnico- Director das Obras, Dº. José Varela Calvo.

2º.- Aprobar a Acta de comprobación de replanteo.

3º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
28 11 07	65	Fernando Pena Caramés	39.196,50 €

4º.- SUBVENCIONS.-

4.1.- Escritos do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 8030 e 8059, de data 26 e 28 de decembro de 2007 respectivamente, ambos sobre remisión das bases da convocatoria do “Plan de Actuacións Diversas en Centros de Servizos Municipais do ano 2008” para a realización de obras ou servizos municipais de interese xeral ou social, que se aprobou por acordo adoptado na Xunta de Goberno da mencionada Deputación, celebrada o 19 de decembro de 2007.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4.2.- Escrito do Servizo de Cooperación da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 7976, de data 21 de decembro de 2007, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación nº Uno das obras “Mellora dos Accesos os Núcleos de Poboación e Pavimentación de Vías Públicas no Municipio de Silleda”, nº 94 do PPC/07.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, queda enterada deste escrito.

4.3.- Escrito do Servizo de Cooperación da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 8072, de data 28 de decembro de 2007, polo que se

autoriza o cambio do proxecto da obra nº 224-135-118/784 “Acondicionamiento e Mellora de Rúas (San Isidro, Morón e Emilio Alonso Paz) e Arranxo de Viais”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, queda enterada deste escrito.

4.4.- Vista a resolución dictada o 23 de outubro de 2.007 pola directora xeral de Transportes, Mar Chao López, actuando por delegación de competencias da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Orde do 22 de maio de 2.007, DOG do 7 de xuño) pola que se resolve outorgar ao Concello de Silleda unha subvención total de 16.654,25 euros, para a realización dun servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer baixo a marca “NoiteBús”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Solicitar á Dirección Xeral de Transportes que autorice unha prórroga dos servizos actuais do Noitebús, mentres non se publique unha nova orde de axudas para o ano 2008, para a prestación deste servizo.

4.5.- OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO CONCELLO DE SILLEDA

Vista a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda aprobada na sesión plenaria de 27 de xaneiro de 2.005.

Vista a convocatoria da subvención publicada no Boletín Oficial de la Provincia nº 185 do día 24 de setembro de 2.007.

Visto que o expediente carece de informe de intervención por non estar a disposición da mesma ata a data de celebración da presente sesión.

Visto o informe emitido en data 04 de decembro de 2.007 pola Comisión de Valoración constituída ó abeiro do disposto no artigo 6 das BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO CONCELLO DE SILLEDA, relativo á avaliación das solicitudes presentadas.

Vista a proposta provisional de resolución sobre a concesión das subvencións emitida polo órgano instructor, non presentándose alegacións polos interesados en relación coa proposta provisional de resolución.

Vista a proposta definitiva de resolución emitida polo órgano instructor do procedemento en data 20 de decembro de 2.007.

Visto que se cumpriron todos os trámites previos que marcan a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda e as Bases Reguladoras Específicas da Convocatoria para o Outorgamento de Subvencións para Actividades Deportivas no Concello de Silleda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Desestimar a solicitude de subvencións, por non reunir os requisitos para a súa concesión, das seguintes solicitudes presentadas:

- Asociación de Moteiros do Deza

SEGUNDO: Conceder as seguintes subvencións ós beneficiarios que se indican a continuación de acordo co seguinte detalle:

ASOCIACIÓN/COLECTIVO	CANTIDADE SOLICITADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	TOTAIS
S.D. Bandeira			5.500 □□□
S.D. Silleda	7.815 □□□		19.000 □□□
Clube Petanca	3.000 □□□	Encontros (500 □□□)	1.500 □□□

TERCERO: Remitir esta proposta de resolución definitiva, de conformidade co artigo 7 das Bases reguladoras específicas da convocatoria para o outorgamento de subvencións para actividades deportivas do Concello de Silleda á Intervención para o seu informe, debendo elevarse o expediente completo, co informe de Intervención, á Xunta de Goberno Local, que resolverá o expediente de concesión de subvencións.

4.6.- Xustificación de subvencións para actividades culturais.

Visto que a Xunta de Goberno Local acordou na súa sesión de data 10 de decembro de 2.007 conceder, entre outras, as seguintes subvencións ós beneficiarios que se indican a continuación:

ASOCIACIÓN/COLECTIVO	CANTIDADE SOLICITADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	TOTAIS
Banda Música de Silleda	20.000 □□□	Director (7.200 □□□) Certame Pontevedra+Viaxe Valencia:2.500 □□ □)	9.700 □□□
Coral Polifónica Trasdeza	18.070 □□□	Director (2.400)	2.400 □□□

Visto que as referidas subvencións teñen un carácter condicionado que deberá ser xustificado documentalmente ante a Intervención Municipal ós efectos do cumprimento da lexislación aplicable, en relación co fin previsto polas Bases Reguladoras Específicas da

Convocatoria para o Outorgamento de Subvencións para Actividades Culturais no Concello de Silleda.

Vista a documentación xustificativa presentada pola Banda de Música de Silleda, en data 18 de decembro de 2.008, con nº de rexistro de entrada 7908 e pola Coral Polifónica Trasdeza en data 20 de decembro de 2.007, con nº de rexistro 7963

Visto asimesmo o informe desfavorable de Intervención, con reparo suspensivo, de data 27 de decembro de 2.007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Aprobar a xustificación das subvencións para actividades culturais outorgadas en data 10 de decembro de 2.007 á Banda de Música de Silleda por importe de 9.700,00 euros e á Coral Polifónica Trasdeza, por importe de 2.400 euros.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Dase conta das alegacións presentadas por Dona Adelina Guerra Gallego, mediante escrito de data 18 de decembro de 2.007, con número de rexistro 7909, en relación co expediente de restauración da legalidade urbanística, referente á execución de obras sin licencia, consistentes na construción de cuberto sobre un muro medianero realizadas pola alegante. Gallego, no lugar de San Fiz nº 33.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2.007 dispúxose a demolición das obras de edificación en curso de execución realizadas por Dona Adelina Guerra Gallego no muro medianero lindante coa súa propiedade, sita no lugar de San Fiz nº 28, parroquia de Margaride, Silleda, no prazo de dez días.

Analizadas as alegacións presentadas por Dona Adelina Guerra Gallego na data antes sinalada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: En relación coa alegación número un, na que se sinala que o número da vivenda onde reside a alegante é o número 33 e non o número 28, advírtese pola Xunta de Goberno Local a existencia dun erro no punto 5.4. da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2007.

Visto o artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réximen xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (“as Administracións públicas podrán asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, defeito ou aritméticos existentes nos seus actos”).

Dado que o erro se aprecia tendo en conta exclusivamente os datos do expediente e que o erro é patente e claro, sen acudir a interpretación de normas xurídicas aplicables.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda a corrección da redacción da acta correspondente a sesión ordinaria do día 26 de novembro de 2007 no sinalado no punto 5.4., de maneira que onde dí: “**PRIMEIRO.** *Dispoñer a demolición das obras de edificación en curso de execución realizadas por Dona Adelina Guerra Gallego no muro medianero lindante coa súa propiedade, sita no lugar de San Fiz nº 28, parroquia de Margaride, Silleda*” debe dicir: “**PRIMEIRO.** *Dispoñer a demolición das obras de edificación en curso de execución realizadas por Dona Adelina Guerra Gallego no muro medianero lindante coa súa propiedade, sita no lugar de San Fiz nº 33, parroquia de Margaride, Silleda*”.

De conformidade co exposto, o punto 5.4. da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2007 queda redactado da seguinte forma:

PRIMEIRO. Dispoñer a demolición das obras de edificación en curso de execución realizadas por Dona Adelina Guerra Gallego no muro medianero lindante coa súa propiedade, sita no lugar de San Fiz nº 33, parroquia de Margaride, Silleda

SEGUNDO: En relación coas alegacións numero 2 , na que se sinala que non se realizou, executou nin obrou edificación algunha no domicilio da alegante nin existe no mesmo pared ou muro medianero algún, acórdase a desestimación da mesma, posto que consta no expediente informe da policía local de data 15 de agosto de 2.007 onde se da conta da existencia no lugar de San Fiz nº 33 da construción dun cuberto sobre muro medianero que linda coa finca de D. José Vidal García, incluíndose no mesmo informe fotográfico da construción. Neste mesmo informe, figura que Dona Adelina Guerra Gallego manifesta carecer de licenza municipal para realizar esta obra. Consta asimesmo no expediente informe do arquitecto asesor técnico municipal de data 1 de outubro de 2.007 onde se sinala que personado no lugar de San Fiz 33 comprobouse a existencia da construción dun cuberto que arranca sobre un muro lindeiro de pedra, figurando asimesmo fotografía da construción.

TERCEIRO: Respecto a alegación número 3, onde a alegante sinala que non é a propietaria do inmovible sito en San Fiz nº 33, sinalando asimesmo na alegación número un que non ten propiedade algunha en San Fiz. Comprobado que , segundo os datos que figuran no padrón do Imposto sobre Bens Inmобles a alegante figura como propietaria do inmovible sito en San Fiz nº22. Comprobado asimesmo que a alegante figura empadronada no lugar de San Fiz nº33. A Xunta de Goberno Local acorda requirir a Dona Adelina Guerra Gallego para que no prazo de 10 días, contados desde o día seguinte ó da recepción da notificación deste acordo, informe a éste Concello sobre quen é o propietario do inmovible.

5.2.- Escrito de D^a Adelina Guerra Gallego, Rexistro de Entrada nº 7935, de data 19 de decembro de 2007, no que expón que na parroquia de San Fiz, atópase construído un establo sobre a finca nº 28 de Carmen Abeledo e José Vidal, a cal incumple as distancias esixidas pola lexislación vixente, e as ordenanzas municipais, en todos seus lindeiros, sin que ata o momento, os equipos de goberno deste Concello, que foron sucedéndose, fixeran caso as reiteradas denuncias que se formularon contra ditas persoas, polas obras feitas e as que se siguen acometendo en dita finca, e demais atropelos urbanísticos acometidos polos arriba sinalados; polo que solicita que se repaña a seu ser e estado a legalidade urbanística que foi

incumplida polos sinalados.

Visto que por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de data 06 de maio de 2004, acórdase o recoñecemento de explotación agrícola e gandeira ó abeiro da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e circular informativa 1/2003, do 31 de xullo, expediente nº 16/2004/1154, a favor de D^a Carmen Abeledo Míguez.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Oficina Técnica Municipal para que proceda a emitir informe sobre as distancias, e notificar este acordo a ambas partes.

5.3.- Reposición da legalidade.

Visto o informe presentado pola Xefe da Policía Local deste Concello, en data 21 de decembro de 2.007, polo que se pon en coñecemento do Concello a realización de movementos de terra sin a oportuna licencia para a realización dos mesmos, por parte de D. Alejandro Fernández López, con DNI 76.822.290 M, na finca situada fronte ó inmovible nº 2 do lugar de Campomarzo, parroquia de Abades.

Comprobado que o movemento de terras denunciado non conta coa preceptiva licencia municipal, esixida polo artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia

Visto o disposto asimesmo no artigo 209 da citada lei, que sinala que “ *Cando se estivesen executando obras sen licencia ou orde de execución ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas, o alcalde dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoa-lo expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ó interesado.*”

Visto que a competencia está delegada na Xunta de Goberno Local, en virtude de decreto de Alcaldía de data 6 de xullo de 2.007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións ilegais de movemento de terras que se están realizando por D. Alejandro Fernández López, na finca sita en fronte ó inmovible nº 2 do lugar de Campomarzo, parroquia de Abades, propiedade de D. Gumersindo Rodríguez Eirea, conforme se establece no artigo 209 da Lei 9/2002.

SEGUNDO. Ordear a suspensión inmediata de dichos actos, que se están a realizar nos terreos propiedade de D. Gumersindo Rodríguez Eirea.

TERCEIRO. Que por parte da Secretaría se emita informe en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para reposición da legalidade.

CUARTO. Que por parte dos Servizos Técnicos Municipais se emita, ós efectos de comprobación, si procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística e si as

actuacións que se están a realizar son compatibles co planeamento urbanístico.

QUINTO. Notificar o presente acordo a D. Gumersindo Rodríguez Eirea e a D. Alejandro Fernández López.

5.4.- Escrito de Xestur Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 8070, de data 28 de decembro de 2007, comunicando que, en contestación o escrito do Ministerio de Fomento de data de saída novembro de 2007, sobre aliñación das parcelas P4, P6, e P7 da Modificación do Plan Parcial de Silleda debe aclararse o seguinte:

- Independentemente das ordenanzas propias do Plan Parcial e a normativa urbanística municipal, cando un solar de fronte a unha vía pública de titularidade distinta da municipal ou se atope na zona de dominio da mesma, previamente a concesión de licenza deberá contar o promotor da mesma con autorización do organismo competente.

- O Ministerio de Fomento sitúa a distancia das construcións a 25 m da aresta exterior da N-525.

- Por eso neste caso as parcelas delimitadas non implican unha aliñación para situación das edificacións, senón que ademais dos retirados os frontes de vial determinados polo Plan Parcial, será obrigatorio o retirado mínimo de 25,00 m dende a arista exterior da N-525.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

5.5.- Licencias de Obra Maior:

5.5.1.-A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenza que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: URBANIZACIONES DEL DEZA, S.L., con domicilio na rúa Cartagena, nº 1 (Silleda).
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Construción dun edificio composto de planta soto para garaxe, planta baixa para garaxe e locais comerciais, tres plantas altas para 18 vivendas (V.P.A.) e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa da Empanada, esquina Calello da Empanada, números 3-5-7, Bandeira (Silleda)
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Antonio R. Albacete Giménez. (Proxecto de execución visado polo Colexio Oficial en data 27 de xullo de 2007, expte. nº PO061715).
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 1.044.051,20 (execución material), 12.706,33 (execución material de proxecto de telecomunicacións) e 26.107,70 (execución material de estudo de seguridade e saúde).
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no

informe do asesor técnico municipal, de data 17 de decembro de 2007, no que se sinala:

“1º.- Á presentación dunha declaración, baixo a súa responsabilidade, de que se vai a efectuar a reposición total de tódolos servizos urbanos danados como consecuencia das obras realizadas no casco urbano, de acordo coas disposicións técnicas dos servizos municipais.

(A non presentación da documentación requirida e o non cumprimento dos condicionantes establecidos, considerarse informe desfavorable para a concesión da licenza municipal).

2º- Prazo de inicio e finalización das obras: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

3º- Condicións para a ocupación da vía pública:

Toda ocupación da vía pública con casetas, materiais, contenedores, maquinaria ou outros elementos afectos a unha obra, deberá contar necesariamente coa autorización administrativa.

a- Esta autorización deberá solicitarse conxuntamente coa licenza de obra, cando se prevea con antelación, mediante especificación na memoria.

b- No caso de que non poidera solicitarse conforme se prevé no párrafo anterior, deberá presentarse solicitude separada na que deberán especificarse tódolos datos necesarios para a súa localización e demais requisitos esixidos nesta Ordenanza. Neste caso a solicitude presentarase antes do inicio das obras e non poderá entenderse concedida ata que non se notifique resolución expresa ó efecto.

A ubicación das ocupacións a que se refire este capítulo deberá estudiarse a fin de que sexa un emprazamento estratéxico que minimize a súa incidencia no entorno, aproveitando inevitablemente as zonas que non son utilizadas para o tráfico rodado e coa menor perturbación ó tránsito peonil. Asimesmo, deberá preverse que a ocupación se produza polo mínimo tempo posible e na dimensión axeitada para servir a seu obxecto, poidendo, neste punto, ser obxecto de inspección municipal, quen informará sobre a súa adecuación ou non ó obxecto de que o Concello poida ordear o levantamento daquelas ocupacións que se atopan sobredimensionadas ou sexan innecesarias.

Unha vez finalizada a ocupación procederase á limpeza das zonas ocupadas e á reposición de calquer dano que poidera haberse causado sobre os pavimentos ou servizos afectados.

Non se permitirá o almacenamento de materiais nin medios auxiliares máis tempo do

estrictamente necesario para a súa utilización ou posta en obra.

Ó finalizar a xornada de traballo, deberanse retirar ou, si se autorizou expresamente para elo, verter en contenedores axeitados tódolos acopios procedentes do vaciado de zanxas e escombros, deixando a zona ocupada en estado de orde e limpeza axeitada.

Tódolos materias e acopios que non estean debidamente apilados ou depositados en contenedores, serán retirados da vía pública.

Tódolos elementos cos que se ocupa a vía pública son responsabilidade do titular da licenza, quen responderá do seu correcto estado de uso, mantemento e retirada.

Todo elemento que altere nalgunha medida a superficie vial suporá un obstáculo que haberá de ser debidamente protexido con vallas.

Durante as horas en que non se estea traballando, de noite e nos fines de semana ou festivos, a obra e os elementos anexos á mesma, deberán quedar en perfectas condicións para evitar accidentes e danos materiais ou persoais. A tal fin, sinalizaránse convenientemente con sinais de tráfico normalizadas, carteis e luminarias. Así mesmo procederáse ó tapado das zanxas cos materiais axeitados en función da súa localización, accesibilidade e dimensión.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, no seu artigo 199.11, establece as seguintes condicións para o Vallado de Obras:

1) En toda obra de nova planta ou de derribo e nas de reforma ou conservación que afecten ás fachadas, haberá de colocarse unha valla de protección de 2 m. de altura, como mínimo, de materiais que ofrezan seguridade e conservación decorosa e situada á distancia máxima de 2 m. da aliñación oficial. En todo caso deberá quedar na beirarrúa un paso libre de 0,60 m. de ancho para o paso de peóns.

2) Si coa aplicación das condicións anteriores resultara un ancho inferior a un metro dentro da valla, ou cando por circunstancias especiais non se faga aconsellable a aplicación de ditas normas, o técnico municipal correspondente fixará as características da valla, poidendo ordenar a súa desaparición total no momento no que terminen os traballos indispensables na planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores, previa a colocación de andamio de protección que permita o tránsito pola beirarrúa e ofrezca a debida seguridade para a circulación na vía pública. En casos especiais en que polo técnico municipal se considere indispensable, poderán adoptarse medidas de carácter extraordinario.

3) Non se consentirá cubrir o espacio da vía pública limitado pola valla.

4) Cando as obras ou instalacións poidan supoñer, en si mesmas ou no seu montaxe, un perigo para os viandantes, esixirase durante as horas de traballo a colocación na rúa dunha corda ou palenque cun operario que advirta o perigo. Cando as características

do tránsito o aconsellen, poderá limitarse o traballo a determinadas horas.

5) *Nas zonas en que sexa obrigatorio o retranqueo, a valla colocarse na aliñación oficial. Non será obrigatoria cando estea construído o cerramento definitivo.*

6) *Será obrigatorio a instalación de luces de sinalización con intensidade suficiente en cada extremo ou ángulo saínte das vallas.*

7) *A instalación de vallas enténdese sempre con carácter provisional en tanto dure a obra. Por elo dende o momento en que transcurra un mes sin dar comezo as obras, ou estean interrompidas, deberá suprimirse a valla e deixar libre a beirarrúa ó tránsito público.*

OUTRAS SITUACIÓNS:

1.- Instalación de contenedores para acopio e retirada de escombros.

Os contenedores para a recollida de escombros procedentes de obras, suxeitaranse en todo momento ás seguintes condicións:

a- Deberán colocarse nas beirarrúas, entre os alcorques das árbores, onde existan, e deixando libre como mínimo un paso de 1,50 m., ou nas calzadas, en zonas de apardoiros permitidos, de modo que non sobresalgan en dita zona e non sexan un obstáculo que entorpeza a libre circulación dos vehículos, de acordo co disposto no artigo 39 do Código de Circulación. Do mesmo xeito deberá sinalizarse convenientemente o contenedor pola súa conta, de acordo co establecido nos artigos 41 e 54 do Código de Circulación.

b- As maniobras para deixada e recollida dos contenedores, deberán realizarse do modo previsto no Código de Circulación, sin causar molestias ó tráfico e quedando totalmente prohibida a colocación ou recollida de contenedores de 8:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, salvo que polo Concello se dispoña outra cousa.

c- En cada contenedor deberá figurar indicativo de pertencencia á empresa propietaria do mesmo que deberá coincidir coa titular da autorización municipal ou, no caso de non selo, baixo tutela e responsabilidade directa de aquela.

d- Para a solicitude das autorizacións de instalación de contenedores deberase presentar:

- Fotocopia do carné de identidade do solicitante ou representante da empresa.*
- Memoria descriptiva do tipo de ocupación que se vai a realizar.*
- Plano de situación acotado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.*

As autorizacións de instalación dos contenedores poderán ser anuais, debendo solicitar o interesado, si o desexa, a renovación da mesma cunha antelación mínima de dous meses respecto ó vencemento de dita autorización.

e- Para responder dos danos que se poideran ocasionar, o interesado deberá depositar unha fianza de 120,00 € por contenedor, que deberá repoñer ou completar, cando se minore dito depósito en virtude de indemnizacións e elo no prazo de 48 horas a contar dende a notificación, co obxecto de manter íntegra a súa garantía durante a vixencia do contrato, sempre que non se dispoña outra cousa na Ordenanza Fiscal correspondente ou mediante Convenio suscrito entre a Administración e os interesados.

2.- Instalación de grúas-torre e similares:

Para a solicitude de autorización de instalación de grúas-torre e similares deberase presentar:

- a) Memoria descriptiva da instalación e planos de situación e emprazamento acotados e a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Incluirase Informe das condicións portantes do terreno baixo a grúa asinado polo técnico-director da obra.*
- b) Xustificación da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza risco).*
- c) Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica da grúa.*
- d) Certificado de montaxe da grúa que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:*
 - 1- Datos da obra e instalación: Situación (rúa-lugar, número e poboación), propietario da grúa (nome, DNI/CIF e nome e DNI do Xefe de Obra).*
 - 2- Características da grúa-torre: Marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.*
 - 3- Certificación, do director dos traballos de montaxe e instalación, de que a grúa cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.*
 - 4- Certificado, do director dos traballos de montaxe e instalación, do correcto funcionamento da grúa e seus dispositivos de seguridade.”*

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licenza e data da licenza, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 4053/06.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 € (informe técnico) e 3.059,16 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

5.6.- Dase conta do escrito de denuncia presentado por D. Ulises Bértolo García, actuando en representación da entidade mercantil "NOVA CARBALLEIRA 2002, S.L.", en data 26 de decembro de 2.007, con número de rexistro de entrada 8027, sobre a realización de tres obras en curso de execución presuntamente ilegais, que son as seguintes:

- Obra ubicada na esquina da rúa Xeral a rúa Feira e unha terceira (Bandeira).

- Obra ubicada na parcela que se atopa na esquina que forman a prolongación da rúa República Arxentina (tramo de nova apertura) cunha vía perpendicular á rúa Xeral Franco. (Silleda).

- Obra ubicada na rúa Barro do Campo.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Que se emita informe polos Servizos Técnicos Municipais, ós efectos de determinar si procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística, tales como a paralización cautelar das mesmas.

5.7.- Pola Concelleira de Servizos Sociais e Igualdade expónse que se detectou confusión na liña divisoria que separa os termos municipais de Forcarei e Silleda, concretamente, nas parroquias de Refoxos e Parada, confusión, que fai necesario o correspondente deslinde para así adaptalo á cartografía actual da que dispón o Instituto Xeográfico Nacional.

En base á confusión contrastada, a Xunta de Goberno Local, de conformidade o disposto no artigo 40 e seguintes de Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, por unanimidade, en calidade de actuacións previas, adoptou os seguintes acordos:

1.- Incoar expediente de delinde administrativo entre o termo municipal de Forcarei e o de Silleda, concretamente, na radicación anteriormente indicada.

2.- Designar a Comisión responsable da intrución do devandito expediente, de conformidade co disposto no artigo 17 do Rea Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación das Entidades Locais, que por parte do Concello de Silleda estará integrada polos seguintes membros:

- Dona Paula Fernández Pena, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Silleda.
- Don Manuel Cuiña Fernández, Primeiro Tenente de Alcalde e Concelleiro de Cultura e de Obras
- Dona María Dolores García Troitiño, Concelleira de Servicios Sociais e Igualdade
- D. Gerardo Lázara Moreda, Concelleiro de Medio Ambiente, Medio Rural e Turismo.
- Dona Berta Alonso Soto, Secretaria Xeral do Concello
- Don José Antonio Presas Ferreiro, Aparellador municipal
- Outras dúas persoas (máximo) que, pola súa idade e acreditado xuízo podan xustificar o sitio no que estiveron os marcos ou sinais divisorios e mailos propietarios dos terreos afectados polo deslinde, que se designarán por Resolución de Alcaldía-Presidentencia, coa debida antelación.

3.- Requerir o Excmo Concello de Forcarei para que, coa maior celeridade, así mesmo en calidade de actuación previas, designaunha Comisión propia e paralela para levar a cabo os traballos indicados, e así o comunique a este Excmo. Concello, ós efectos de fixar a data de común acordo para a realización e verificación das correspondentes actuacións de deslinde, a partires das que, se os Concellos afectados estivesen conformes cos límites existentes na actualidade, non procedería nova fixación; pero, que en caso de existir conflito, se procedería ó levantamento de acta por separado por cada unha das Comisións creadas ó efecto, co obxecto de continuar cos trámites consagrados na normativa citada.

4.- Achegar ó Excmo Concello de Forcarei, para coñecemento e efectos, toda a documentación recabada por esta Entidade Local, fundamentadora da necesidade do deslinde.

6º.- INTERVENCIÓN.-

6.1.- Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00038-07, de data 28 de decembro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 69.416,29 □□□ (Relación en Anexo adxunto).

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as dezaseis horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA